



Sra. Conselleira
Consellería de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Xunta de Galicia

ASUNTO: Resposta insatisfactoria á pregunta sobre axotamento de porco bravo (*Sus scrofa*) no "Canaval do Ulla" dentro da "ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza".

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,


EXPÓN:

1. Que a resposta recibida da Dirección Xeral de Patrimonio Natural non satisface a solicitude de que "Proporcione á SGHN toda a información relativa a dito axotamento de porco bravo que obre no seu poder, xunto cos criterios e condicionado de aprobación, así como o(s) nome(s) e cargo(s) da(s) persoa(s) que o aprobaron" pois non facilita unha copia dos informes emitidos ao respecto pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
2. Que a resposta recibida da Dirección Xeral de Patrimonio Natural admite implicitamente que NON se tivo en conta diversa lexislación vixente de directa e obligatoria aplicación neste caso:
 - a. Lei estatal 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade establece que: "Queda prohibido dar muerte, danñar, molestar ou inquietar intencionadamente a los animales silvestres, sea cual fuere el método empleado o la fase de su ciclo biológico. Esta prohibición incluye su retención y captura en vivo, la destrucción, daño, recolección y retención de sus nidos, de sus crías o de sus huevos, estos últimos aun estando vacíos, así como la posesión, transporte, tráfico y comercio de ejemplares vivos o muertos o de sus restos, incluyendo el comercio exterior" (Artigo 52.3). (Queda prohibido) "Tratándose de animales, incluídas sus larvas, crías, o huevos, la de cualquier actuación hecha con el propósito de darles muerte, capturarlos, perseguirlos o molestarlos, así como la destrucción o deterioro de sus nidos, vivares y áreas de reproducción, invernada o reposo" (Artigo 54.1.b).
 - b. Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, polo que se aproba o Catálogo Español de Especies Ameazadas, no que a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) está incluída coa categoría de "En perigo de extinción".
 - c. Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se aproba o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, no que a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) está incluída coa categoría de "En perigo de extinción".
 - d. Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia, segundo o cal o "Canaval do Ulla" está catalogado como "Área prioritaria de conservación" e, polo tanto, está considerado oficialmente como unha das "zonas vitais para a supervivencia e recuperación da subespecie, xa que os utiliza para a reprodución e alimentación".

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 03/07/2017 11:13:00

ENTRADA 15388 / RX 1712585





Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org CIF: G-15037211

2 / 2

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que vostede preside:

1. Proporcione á SGHN toda a información relativa a dito axotamento de porco bravo que obre no seu poder, xunto cos criterios e condicionado de aprobación, así como o(s) nome(s) e cargo(s) da(s) persoa(s) que o aprobaron.
2. Proceda á apertura inmediata dun expediente informativo para depurar as posibles responsabilidades administrativas e penais dos responsables de autorizar dita actuación claramente contraria ao espírito e a letra da lexislación estatal (Lei 42/2007, Real Decreto 139/2011) e autonómica (Decreto 88/2007, Decreto 75/2013).

En Santiago de Compostela a 3 de xullo de 2017

Serafín González Prieto
Presidente SGHN